

Galegando

Nº 3 - ANO 2013

REVISTA DO
CEIP FELICIANO BARRERA







SUMARIO

- Editorial
- Orgullos@s do noso. Orgullos@s do galego
- O chegar o Samaín...
- Contos do Samaín: "O gato branco"
- Contos do Samaín: "O aprendiz do Mago da luz"
- O noso magosto
- Nadal
- Día da paz
- Entroido global
- Visita ao MARCO
- Excursión a Mondariz
- O día do libro
- Visita d@s alumn@s de infantil ao Museo do mar
- O día das Letras Galegas
- Rosalía, 150 anos de "Cantares Gallegos"
- Diario dunha viaxe: viaxe a Porto d@s alumn@s de 6º de primaria
- Música
- Educación física
- Dez pistas para educar
- Entrevista
- Noticias breves
- Pasatempos en inglés

Coordinación

Equipo de Dinamización da Lingua Galega

Deseño portada e contraportada

Jorge Agustín Vázquez Blanco

Redación, fotografía e debuxos

Alumn@s e mestres/as do CEIP Feliciano Barrera

Curso 2012/13



EDITORIAL

*Cantarte hei, Galicia,
teus dulces cantares,
que así mo pediron
na beira do mare.*

*Cantarte hei, Galicia,
na lingua gallega,
consolo dos males,
alivio das penas.*

Así escribía Rosalía de Castro, en “Cantares gallegos”, sobre a nosa lingua, unha lingua que ela quixo recuperar e dignificar nunha época na que falala estaba en decadencia. Claro que iso non ten cambiado moito desde entón, hai 150 anos.

Nesta revista que chega de novo ás vosas mans, tendes unha mostra das fermosas palabras da nosa lingua e do ben que soan cando as escribimos en forma de poema, de conto, de reportaxe, de canción...

Son moi alentadoras as palabras que no apartado “Orgullosos do noso, orgullosos do galego” nos adican catro persoeiros relevantes da nosa querida Galiza, catro homes e mulleres que viven e sinten en galego. Merece a pena lelo.

Desde o Equipo de Dinamización da Lingua Galega queremos animarvos a que apreciades a nosa lingua porque é parte da nosa identidade e é algo que nunca nos poderán arrebatarse.

Adicamos a nosa contraportada aos alumnos/as de Infantil que cambian á etapa de primaria e aos de 6º de primaria, aos que lles toca percorrer un novo camiño no que coñecerán un novo colexio, novos amigos, novos mestres e, sobre todo, vivirán novas experiencias que os axudarán a comprender o mundo para que de adultos sexan libres e, sobre todo, homes e mulleres de ben.

Non queremos rematar esta editorial sen agradecer aos mestres e ás mestras do colexio o seu traballo cos nenos e nenas. Sen eles e a súa ilusión esta revista non sería posible. E, por suposto, un agradecemento moi especial á ANPA pola súa colaboración para que “Galegando”, un curso máis, se edite. Nestes tempos de recortes todas as mans son necesarias para que, con esforzo e imaxinación, os/as nosos/as alumnos/as sigan tendo unha educación de calidade.

*Equipo de Dinamización da Lingua Galega
CEIP Feliciano Barrera*



ORGULLOS@S DO NOSO. ORGULLOS@S DO GALEGO

Agustín Fernández Paz
Escritor

Desde hai xa ben anos, teño a fortuna de traballar nun dos oficios máis fermosos: contar historias, imaxinar vidas, poñer en pé mundos de ficción empregando as palabras como únicos materiais. As palabras coas que creo as miñas historias son as da lingua galega, o idioma milenario que xermolou nesta fisterra europea que chamamos Galicia. As vidas que imaxino nacen de xeito natural en galego, do mesmo modo que as de J.K. Rowling o fan en inglés ou as de Haruki Murakami en xaponés.

As palabras que utilizo están cargadas de vida, na súa cerna latexa a historia que teñen detrás, a dos homes e mulleres que as foron conformando no decorrer dos anos. Elas son o meu ADN. Escribo en galego porque son de aquí, porque as persoas vivimos nun tempo e nun país, porque é a lingua que me enche o peito enteiramente / e como un río interno me asolaga, en verbas magníficas de Méndez Ferrín.

Escribir en galego é o meu xeito de participar na diversidade cultural da humanidade, coa conciencia de que só se pode ser universal desde as propias raíces. En galego estou –estamos– no mundo. Porque as nosas creacións teñen a forza necesaria para chegaren máis alá de calquera fronteira. Máis alá!, como nos reclamaba Manuel Antonio, e como a vida nos reclama cada día.

Eva Cernadas
Física

Son profesora de Informática na Universidade de Santiago de Compostela. O galego é a miña lingua habitual, que emprego no meu traballo e na vida familiar. Falo galego porque é a miña lingua materna e a lingua orixinaria de Galicia, e porque me gusta. A miña actividade docente tamén se desenvolve en galego e, de feito, moitos alumnos agradecen recibir clases en galego.

Hai uns anos, cando era profesora en Ourense, tiña como compañeiro de traballo un profesor alemán que levaba tan só un ano en Galicia. A el gustáballe moito oír falar galego. Decía que era máis económico e directo que o castelán (que, por certo, falaba moi ben) porque requiría menos palabras para expresar a mesma idea. Por aqueles anos merquei a tradución ó galego do clásico “O señor dos aneis”. El xa tiña a versión orixinal en inglés, e pediumo emprestado para lelo de novo en galego. Decía que prefería lelo en galego que en castelán, porque o galego era máis rico para expresar matices no mundo da fantasía. Finalmente, este profesor alemán casou en Galicia cunha moza galegofalante, e a súa filla de catro anos é trilingüe. Para min, puido ser un bo momento para deixar de falar galego, porque este compañeiro sabía falar castelán, e eu levaba tres anos traballando fóra de Galicia. Pero el era respectuoso coas demais culturas e gustáballe aprender, neste caso, a lingua, cultura e tradicións da terra na que estaba vivindo. Así, Galicia non perdeu un galego e gañou dous.



Xosé A. Fraga
Director Museos Científicos Coruñeses

Que ficaría de nós?

Poderían desfacerse aquel libro ou aquel moble especial, e sobreviviríamos. Poderíamos extraviar as ferramentas de traballo dos nosos pais, e sobreviviríamos. Poderían arder os bosques do Eume, o Courel ou o Teixedal, e sobreviviríamos. Poderíamos ver esvaeecer os ideais da mocidade e as vellas amizades, e sobreviviríamos. Poderían esnaquizarse as murallas de Lugo, a Torre de Hércules, o Arsenal de Ferrol, a catedral de Santiago, e sobreviviríamos. Poderíamos esquecer a nosa historia, cancións e tradicións, e sobreviviríamos. Poderían trasladarse fóra do país as empresas importantes ou deixar as universidades sen recursos, e sobreviviríamos.

E si, tamén sería posible perder o idioma, a nosa principal creación cultural, a cerna da nosa identidade persoal e colectiva, e que fomos quen de sobrevivir.

Mais, que ficaría de nós?

Rosa Aneiros
Escritora

Orgullosa do noso

Orgullosa de cimbrar, de arrincar, de abrazar, de zorregar, de agarrarte e de arredarte.

Orgullosa de Borreiros, de Cómaros Altos, da Cruz da Raíña, do Penedo, de Mar de Fóra, da Devesa da Rogueira, de Donelle, de Candeán, do Vilar de Bocamaos, da Cucurela, do Confurco, de Lobeiros e dos Medotes.

Orgullosa de latricar, de chuzar, de navegar, de anainar e de vogar.

Orgullosa de merlín e da súa familia, orgullosa das follas novas, orgullosa de arredor de si, orgullosa de ramón lamote, orgullosa de casa atlántica casa cabaret, orgullosa de por conto alleo, orgullosa dos fíos invisibles, orgullosa da melancolía de días usados, orgullosa do meu nome skywalker e de cando petan á porta pola noite.

Orgullosa dos percebes, do ribeiro, da empanada de liscos, das xoubas fritidas, dos pementos de padrón, do polbo á feira, da bica, do bruño e das zamburiñas. Por suposto, tamén dos nabos, das rabizas, dos grelos, dos cimos e dos bertóns.

Orgullosa de rosmar, de moumear, de aturuxar, de bisbar, de arrolar, de acochar e de bicar.

Orgullosa de non te vaias rianxeira; de velaí vai velaí vai; orgullosa de quen ten amores non dorme e quen non os ten, adormece; da muiñeira de Chantada; de vai un sol de carallo; de se ti queres vir ti vente; da saia da carolina; da fura de diante; do arame; de a velas velas vir dunha partida brava de fútbolín; de sabes que entre fusco e lusco estareite aquí agardando; do alalá das mariñas... Si home si, non esquezo o miudiño!

Orgullosa de un día e un día e o peso ghastouse; de nunca choveu que non escampara; de déixate chegar á casa!; de e ti quen vés sendo?; de algo é algo díxolle o can ao caldo e iso que era día de antroido; de era boa!; de máis vale unha farta ca sete lambidas...

Orgullosa de falarmos

Orgullosa de escoitármonos.

Orgullosa de nosoutras e de nós.

Orgullosa de ti.



O CHEGAR O SAMAIN...



**FIXEMOS CABAZAS
CON MOI BOAS TRAZAS**




**ENREDAMOS CON MOUCHOS, ARAÑAS
E BRUXAS, SEN ESQUECER AOS MORCEGOS E AS CURUXAS**





DEBUXOS E CONTOS DE MEDO DA CASA TROUXEMOS



E TODOS OS QUE PARTICIPAMOS UN DIPLOMA LEVAMOS





Contos do Samaín...

O gato branco

*Por: Prasad Bonmati Gutler (3º primaria)
Finalista do Concurso de contos do Samaín*

Érase, hai moitos anos, un neno chamado Xan. Vivía coa súa nai e a súa avoa nunha casa pequena. Eran moi pobres, apenas tiñan para comer. Era o trinta de outubro.

A nai díxolle a Xan: "Hoxe hai pouco para cear, pero para mañá haberá unha sorpresa de Halloween para ti."

Ás dúas da mañá espertouse Xan por uns sonidos que había na cociña. Entón levantouse a ver que eran esos sonidos.

Na luz do lume viu a dúas bruxas que estaban amasando un gato morto de cor branca. Xan asustouse moitísimo. Que medo! Dúas bruxas amasando un gato morto! Volveu á cama temblando.



Ao día seguinte levantouse e foi á cociña. Alí estaban a súa nai e a súa avoa esperándoo cunha gran sorpresa. Na mesa había un pastel enorme, cruxente e delicioso.

- Feliz Halloween!, dixo a nai. Este pastel fixémoslo pola noite para sorprenderte.

Entón Xan deuse conta de que non vira dúas bruxas amasando un gato morto, senon que, en realidade, eran a súa nai e a súa avoa preparando un pastel. E comeuno e estaba moi rico.





Contos do Samaín...

A bruxa das matemáticas

Por: Leo Bonmati Gutler (4º primaria)

Finalista do Concurso de contos do Samaín

Había unha vez un neno chamado Xaime. A el non se lle daban ben as matemáticas.

Un día díxolle a súa mestra: " Xaime, o día un de novembro imos ter un exame de matemáticas".

Xaime asustouse moito porque non estudara nada.

Ao chegar á súa casa púxose a pensar e, de súpeto, decatouse de que un día antes era Samaín, e que viñan todos os mortos... E as bruxas poderían facer unha pócema para as matemáticas!

Era unha idea fantástica! Entón, escribiulle unha carta ás bruxas que dicía:

Querida bruxa como te chames:

Por favor, poderíasme facer unha pócema para que se me dean me dean mellor as matemáticas?

E colgouna diante da porta da súa casa.

Aquela noite non podía durmir de tanta emoción que tiña, ata que decidiu comprobar se xa lle prepararan a pócema. Abriu a porta, viu unha figura e preguntou en baixiño: "Eres ti a bruxa que me quere facer a pócema?"

Unha voz áspera contestou: "Si, son eu, e agora ven comigo"

Rapidamente Xaime vestiuse e saiu. Alí o estaba esperando a bruxa, que dixo: " Imos, sube á vasoira e suxéitate ben".

Entón a bruxa deu unha palmada e a vasoira comezou a moverse. Nun par de minutos chegaron a unha casiña que estaba situada nunha nube. Alí a bruxa preparou a pócema. Despois volveron á casa de Xaime e a bruxa dixo: "Toma unha gotiña cada vez que teñas problemas en matemáticas"

- Vale, dixo Xaime.

E foise á cama tan contento de ter atopado a solución.

Ao día seguinte foi á escola e cando tocaba matemáticas bebeu unha gotiña. Empezou o exame e notou como era máis fácil todo. E ao final sacou un dez! Alegrouse moitísimo.





Contos do Samaín...

O aprendiz do “Mago da luz”

Por: Juan Manuel Villar Pérez (5º primaria)
Finalista do concurso de contos do Samaín

Ola, chámome Juan Manuel, son aprendiz de mago, estou aprendendo xunto ao meu mestre de maxia, O Mago da luz. Xuntos, vivimos moitas aventuras como esta que agora vos vou a narrar. Un día, cando o mestre me mandou a buscar ingredientes para os feitizos polo monte, atopei unha casa; era arrepiante, tiña musgo por todas as paredes e o tellado estaba feito de palla seca, as ventás estaban repletas de serpes. Eu asomeime a unha das ventás, posto que escoitaba uns alaridos moi inquietantes. Os meus ollos non daban crédito ao que estaban vendo. Dentro estaba unha bruxa. Era moi fea, tiña unha longa nariz e unha fea verruga nela, estaba vestida cun vestido todo remendado e tiña un mandilón feito de pel de xabaril; tamén tiña unha vara de madeira vella que, cando a axitaba, daba luz de cor azul.

Eu seguía escoitando uns alaridos e cando observei ben vin que proviñan dunha bóla de cristal que tiña dentro dunha gaiola. Estaba preparando algún bebedizo nunha cazola que estaba no lume. Ela ría e cantaba.

*Eu como boa bruxa
Nesa noite feiticeira
Coa axuda da curuxa
Eu serei a máis duradeira*

Eu corrín xunto ao meu mestre a contarllo todo. El sorprendeuse, posto que, segundo el dicía, era a bruxa Morkal que hai moitos anos derrotara. Pero explicoume que ela podíase volver outra vez moi poderosa recollendo almas e ofrecéndoas na noite escura.

Dinme conta de que esa noite ía haber un eclipse de Lúa, entón tiñamos que actuar lixeiros. El preparou unfeitizo con moitos ingredientes e mentras axitaba a súa variña máxica dicía:

*Para esa bruxa malvada
Loca, fea e abandonada
E nunca se lava,
Con isto sexa derrotada*

A poción que fixo meteuna nuns botes e despois nun saco e deumas a min e explicoume que había que tirarllos aos pés da bruxa. Corremos lixeiros ao bosque e cando chegamos alí o meu mestre mandoume agochar. Co mango do seu bastón petoulle na porta e berrou:



*Bruxa mortal
Sal para fóra xa
Que eu non quero entrar
Porque cheiro moi mal*

De repente a porta abriuse e saiu a bruxa e dixo:

*Ai Mago da luz!
Crícheme derrotar
Eres como unha cruz
E agora valo pagar*

E o mago respondeu:

*Sabía que te volvería a ver;
veño preparado.
Non o vas crer,
pero deti estou zafado*

O meu mestre tiroulle a poción aos pés, pero ela, coa súa variña máxica, desviou a poción e dirixiu a súa variña ao mestre mentras berraba:

*Mago da luz pesado,
Debiches quedar abraiado,
Porque eu estívenme preparando
Para que quedaras derrotado*

Eu vin que o meu mestre non se podía mover, entón saín dentre os matorrais e, collendo á bruxa despistada, tireille a poción aos pés, ela empezou a berrar e desapareceu. Pregunteille ao meu mestre se se atopaba ben e entón díxome que tiñamos que ir dentro da casa a liberar as almas que estaban engaioladas. El colleu a bóla de cristal que estaba dentro da gaiola e mentre dicía:

*Almas secuestradas,
Almas engaioladas,
Almas atormentadas,
Sodes liberadas*

Tirou a bóla de cristal ao chan en nese instante, empezaron a saír almas e botaron a voar. Cando saímos da casa empezaron a brilar e desapareceron.

Volví co meu mestre ao noso fogar. El, agradecido, regaloume unha variña máxica para que pondera facer maxia. Desde aquel intre xa non fun o seu aprendiz, senon o seu criado e aprendín a facer o ben no mundo.



O noso magosto



- Gavota, gavota,
Que levas no bocho?
- Castañas asadas,
- E quen chas asou?
- María Cou Cou,
pasou polo río
e non se mollou.

Arao, arao,
cabeza de pao.
Tizón, tizón,
vai pro Salgueirón.
(bis)

- Gavota, gavota,
Que levas no bocho?
- Castañas cocidas,
- E quen chas coceu?
- María Queu Queu,
pasou polo río
e non se meteu.

Arao, arao,
cabeza de pao.
Tizón, tizón,
vai pro Salgueirón.
(bis)

- Gavota, gavota,
Que levas no bocho?
- Castañas peladas,
- E quen chas pelou?
- María Cou Cou,
pasou polo río
e non se mollou.

Arao, arao,
cabeza de pao.
Tizón, tizón,
vai pro Salgueirón.
(bis)



NADAL



Queredes saber como foi o
Nadal deste curso?
Pois estade moi atentos...

O día 21 de Decembro
chegamos ao cole e nos puxeron
unha película moi bonita na que
tamén era Nadal. Despois do recreo
chegou o máis especial "O festival de panxoliñas".
Cada ciclo cantou unha. A de Infantil titúlase "A
campá que se escita". Os de 1º e 2º cantaron "Na
casa da miña avoa". Os de 3º e 4º "O zapatiño". E
por último os de 5º e 6º cantaron "Cantamos aos
reis".

Cando rematamos as panxoliñas repartiron
os premios aos gañadores do concurso de postais.
E tamén nos felicitaron aos demais porque estaban
todas moi ben.

E de súpeto, sen esperalo, che-
garon os Reis Magos.

Que sorpresa levamos!
Quedamos abraizados e moi contentos
co regalíño que nos trouxeron.



A CAMPÁ QUE SE ESCOITA

A campá que se escoita Din Don Dan
é a da miña aldea Din Don Dan
mira como resoa Din Don Dan
porque é día de festa Din Don Dan.

NA CASA DA MIÑA AVOA

Na casa da miña avoa
celebramos o Nadal
ceando todos xuntinos
netos, sobriños e irmáns.

O ZAPATIÑO

Noite de Nadal
chego á porta e bato
vou deixar prendiñas
no voso zapato.

CANTAMOS AOS REIS

Cantamos os reis
á xente da casa
se nos dan cartiños
nós damos as grazas.





ACTIVIDADES DO NADAL

DECORAMOS

CONCURSO POSTAIS

VISITA DOS REIS MAGOS

PANXOLIÑAS

PELÍCULA





DIA DA PAZ



O día 30 de Xaneiro celebramos no colexio o Día da Paz.

Cada neno fixo un debuxo. Despois pegámoslos nunha mural e debuxamos encima unha pomba. Na hora da lectura fomos todos á biblioteca e cantamos unha canción que nos ensinou a profe Alba.



3º de primaria.




 "Entroido Global"
 
 Este ano, no Entroido,
 
 disfrazámonos todos os nenos

do cole das diferentes culturas do mundo.

Os de 4º curso fomos de hindúes. Tamén
había: chineses, xaponeses, indios, mexicanos...

Fixemos bailes, miramos películas, houbo



unha merendola, etc.

Pasámolo moi ben e foi un día especial.

Un Entroido para recordar!





VISITA AO MARCO



O día 26 de Febreiro, os alumnos de 2^o, 3^o e 4^o fixemos unha visita ao Marco.

Allí aprendemos moito sobre o Prestige: un petroliro que se afundi cerca das Costas de Galicia no ano 2.002.

tamén vimos obras de arte sobre ese tema e nós mesmos fixemos unha manualidade con material de refugallo.



3^o de primaria.



EXCURSIÓN A MONDARIZ.

O Xoves once de Abril fomos de excursión á fábrica de botellas de Mondariz con 3º, 4º e 6º. Cando chegamos fixemos dous grupos: 5º con 3º e 6º con 4º. Dentro ensináronnos ás botellas, como as facían, como as enchían, as empaguetaban e as metían dentro das caixas. Antes de marchar déronnos uns moldes cos que facían as botellas.



Logo fomos a merendar a praza de Mondariz Bañeado todos bebemos a auga da fonte da Gándara. A auga sabía moi mal.







Despois fomos ao Castelo de Villavieja e o autobús non puido subir ata o castelo, entón tivemos que subir a pé aínda que chovía. Dentro explicáronnos a lenda do castelo. Logo vimos todo o castelo por dentro e saímos para ver as vistas dende arriba. Marchamos andando e cando chegamos subimos ao autobús que nos levou de volta ao colexio.



Os rapaces de 5º
(Aitana, Jonathan, Raúl, Michael)



O día do libro.



En toda España celébrase o día 23 de Abril o día do libro. Nós fixemos os seguintes actos na última semana de Abril.

O Venres 19 de Abril lemos un libro novo de forma individual na hora de lectura. Estivemos no patio e podiamonos sentar onde quixeramos. Foi moi divertida e aprendemos que calquera sitio é bo para ler.





O Martes 23 de Abril, reunímonos todo o colexio na biblioteca para ler un poema que fixemos cada un na nosa clase. O que máis nos gustou foi o de terceiro, pero a nós tamén nos levou moito traballo.



O Xoves 25 de Abril fíxemos un conto aos nenos pequenos un libro da súa clase. Estivemos todos no patio, e cada un collía un libro e un neno para ler o libro. E os nenos e nenas de infantil portáronse moi ben e nós cremos que lles gustaron os libros.




Os nenos de 5^º


(Silvia, Iván, Bili y Juan)



**Como o verán estaba a chegar os
nenos e nenas de infantil fomos
coñecer o mar.**



¡Visitamos o seu museo e fixémonos mariñeiros!



Na terra firme

os grumetes do cole


ensinaron o aprendido con moi bo tino



Nadando sen parar

No mar hai moitos peixes
nadando sen parar
nadando cara adiante
nadando cara atrás.

Hai peixes pequenos
que acaban de nacer
e hai peixes moi grandes
que os queren comer.





Rosalía, 150 anos de "Cantares Gallegos"

Por: Alumnos de alternativa de 6º primaria

A publicación de "Cantares Gallegos" (Rosalía de Castro, 1837 – 1885) o 17 de maio de 1863 foi o feito cumio do Rexurdimento das letras galegas e iniciou un punto de inflexión na historia da literatura galega.

Rosalía prestixiou o galego como lingua literaria e reivindicou o seu uso. Ademais, por medio dos temas tratados na obra, Rosalía dalle un carácter sociopolítico, reflectindo as duras condicións baixo as que se atopaba a sociedade rural galega ao mesmo tempo que reivindicaba a lingua galega fronte ao castelán, e a Galiza fronte a España.

O Día das Letras Galegas celébrase precisamente o 17 de maio por ser a data de publicación desta primeira obra escrita en galego.



Representación na biblioteca

Por iso no noso colexio celebramos este aniversario con moita ilusión e entusiasmo. Fixemos un mural, marcapáxinas e unha representación sobre a vida de Rosalía na biblioteca do noso colexio para todos/as os/as nenos/as de primaria e lemos e cantamos poemas de "Cantares Gallegos ". Foi unha experiencia inolvidable.



O Día das Letras Galegas

Neste ano 2013 adicouse o Día das Letras galegas á figura de Roberto Vidal Bolaño, escritor e actor nacido en Santiago de Compostela. Para afondar na súa figura, o cole organizou unha BUSCA DO TESOURO, baseada na vida e obra deste autor galego.

Distribuidos os alumn@s en 7 grupos de 14 e 15 nen@s de diferentes cursos, organizáronse 10 tipos de probas



diferentes. En cada proba era obrigado que participasen todos os membros do grupo para poder superala. Unha vez conseguido o reto, debían responder a pregunta establecida en cada proba e verificala có profesor que se atopaba na biblioteca e que lles sellaba o pasaporte ó seguinte reto.





Todos os grupos conseguiron rematar as probas e se lles premiou cun pequeno agasallo conmemorativo das Letras Galegas 2013. O grupo G resultou o gañador o rematar o percorrido en menos tempo.

As diferentes probas foron:

- Bolos
- Mímica
- Circuito
- Cántame
- Baloncesto
- Teléfono averiado
- Puntería
- Crebacabezas
- Pasar polo aro



GRANDE
FORO

Pasámolo moi ben!!!!!!



DIARIO DUNHA VIAXE



Mañá do 21 de maio de 2013

Eran as 8:45. Estabamos todos desexando marchar a Porto e, cando por fin tocou o timbre, subimos ao microbus e. Ao chegar, fixemos unha visita á *Casa da Música* onde aprendemos un montón de cousas moi interesantes. Ao acabar fomos á “Pousada da Juventude” (que tiña unhas preciosas vistas á desembocadura do Douro) a deixar as maletas e comemos todos xuntos nun ambiente de amizade e risas.

Tarde do 21 de maio de 2013

Ao acabar de comer, navegamos en barco polo río Douro; vimos as ribeiras de Porto en todo o seu esplendor. Había moitos pescadores (Quen lle dera a Adrián ter alí unha cana de pescar!). Ao atracar, andivemos buscando por todas partes as adegas “*Quevedo*” e tivemos que orientarnos polo rueiro para chegar. Pasámolo xenial: quitamos fotos, metémonos en barrís xigantes, lemos o proceso de maduración do viño de Porto e ata bebemos “viño rosado” (que resultou ser granadina); os profes beberon un culín de viño . Nesas intres estabamos en Vila Nova de Gaia e montamos en metro para chegar a Porto. Custounos un pouco chegar e fíxonos moita ilusión ir nel. De seguido visitamos a zona vella e encantounos o seu atractivo urbano e cultural. Ao voltar fomos cear (tiñamos todos moita fame !). E, ao rematar... ¡Festa rachada!.





Mañá do 22 de maio de 2013

Hoxe levantámonos cedo, tiñamos todos moito sono, pero resistimos valentemente. Fixemos unha visita panorámica, durante a que unha guía turística nos explicou a orixe da cidade e do seu nome, visitamos distintos monumentos (a Catedral, a Estación de San Bento...), entramos na librería “Lello”, na que se inspirou J.K. Rowling para escribir “Harry Potter”; cruzamos pola Ponte de San Luis (a 70 m de altura sobre o Douro) e que foi deseñada por un alumno de Eiffel; despois fomos directos ao teleférico, desde o que contemplamos Porto e Vila Nova de Gaia. Esfameados, dirixímonos á Pousada para recuperar forzas. Aínda nos quedaba unha tarde, e moito que ver !



Tarde de 22 de maio de 2013

Despois de comer, e unha vez que metemos as maletas no autobús, dirixímonos cara o acuario de Porto, o “Sea Life”, onde vimos un montón de especies mariñas e fixemos un concurso no que tiñamos que adiviñar preguntas sobre cousas relacionadas con elas. Fixémolo tan ben que nos condecoraron cunha medalla. Que listos somos!

Ao rematar a visita tomámonos uns minutos de respiro na terraza do acuario. Que vistas ao mar!

Unha vez recuperados, fomos coñecer a cafetería “Majestic”. Unha cafetería moi elegante que noutros tempos servira para que se reuniran nela os intelectuais máis importantes da cidade.

A hora de voltar a Guláns estaba cerca, pero a idea non nos gustaba, así que decidimos dar un paseo pola rúa Santa Catarina, unha rúa chea de vida, na que tivemos a sorte de ver en directo un máxico espectáculo de marionetas.

E chegou a hora de voltar. Todo o bo se acaba, pero esta viaxe sempre quedará nos nosos corazóns. Grazas a Oscar e Sagrario por acompañarnos e ás nosas nais por traballar tanto para que o noso sono se cumprira. Recordaremos Porto para sempre!





MÚSICA

Como cada ano, aquí vos quedan algunhas canciónciñas que se traballaron este ano na clase de música.

Ao telas aquí escritas, poderedes cantalas e tocalas cando queirades.

Hai cousiñas nas partituras que, para algúns de vós, aínda poden ser un pouquiño complicadas, pero tedes a letra para poder cantalas e, se as queredes tocar con algún instrumento, sempre poderedes pedir axuda.

A primeira canción é a que aprendemos para o conto que viñeron a contarnos en inglés: "*Trouble in the jungle*". Recordade que ten unha coreografía que a acompaña.

A seguinte canción que vos deixo é a do monte galego. Para que non esquezades o importante que é coidar a natureza que nos rodea. A ver cantos destes animas observades este verán ...

Por último, déixovos a canción do pan, na que imos cantando cada un dos pasos que hai que seguir para facer pan. Non esquezades facer os xestos de cada parte que ides cantando!

I LIKE THE GREEN TREES



I like the green trees,
I like the yellow sun,
I like the blue sea,
I like to have some fun,
I like the rainbow bright
shining over me.
Pink, red and orange,
yellow, green and blue and purple.
Pink, red and orange,
yellow, green and blue and purple.



O MONTE GALEGO



Nesta carballeira foza o porco bravo,
o teixo e a pega ándanlle ao rabo.

*Os nosos montes hai que conservar.
Fauna e flora temos que coidar.*

Comen os vermiños que levanta o porco,
o esquío busca landras e herba come o corzo.

Os nosos montes ...

A raposa corre detrás dos coellos,
se chegan ao tobo non pode collelos

Os nosos montes ...

Se vas polo monte podes ver aos lobos,
son amigos nosos pero xa son poucos.

Os nosos montes ...



O PAN



(Lembrade que cada parte se canta dúas veces)

*Para o pan poder comer,
que é o que temos que facer?*

Trigo hai que sementar,
que despois vai a medrar.

Para o pan poder ...

O trigo hai que segar
e as espigas a mallar.

Para o pan poder ...

Xira o muíño sen parar
e a fariña a peneirar.

Para o pan poder ...

Con auga hai que amasar
e deixalo levedar.

Para o pan poder ...

No forno hai que cocer
e xa hai pan para comer.



Educación física

O deporte da mente



Cada ano, na área de Educación Física, tentamos ser fieis ós nosos principios e dar continuidade a un proxecto integral que pretende que ó rematar a etapa de primaria, os rapaces e rapazas acaden unha competencia motriz de calidade e uns valores de empatía, solidaridade, espírito de superación e axuste da autoestima, a vez que adquiren uns hábitos de saúde e respecto polo entorno, etc.

Sen embargo, somos consciente da necesidade de innovar continuamente, de abanzar cara a novos retos, de incluír novos proxectos. Neste senso, no curso que agora remata salientamos como novidades mais destacadas á iniciación ó deporte do xadrez, a incorporación do grupo de 5º de educación primaria no programa “mais e mellor actividade física en primaria” incluído no plan PROXECTA e a profundización no deporte da Orientación nun entorno cercano pero fora do colexio, traballando xa con mapas, brúxulas e sistemas de medición do espazo físico. Ademais, aínda que as nosas instalacións son paupérrimas, este ano, por primeira vez, a psicomotricidade dos alumnos e alumnas de infantil de 5 anos, levouse a cabo dende a área de Educación Física.

Finalmente, comprácenos participar novamente no festival de fin de curso cun espectáculo deportivo-musical logo de dous anos que por diferentes motivos pasamos en branco. Dito espectáculo, levado a cabo polos alumnos de sexto.



E que queda para o próximo curso? A verdade é que fáltannos moitos obxectivos por acadar. Empezando por unhas instalacións deportivas dignas para un centro que xa supera os cen rapaces pois, lamentablemente, a día de hoxe somos un dos poucos centros que con este número de nenos e nenas non teñen un ximansio pechado, con vestiarios, calefacción, etc. Por outro lado, para o próximo curso, temos a intención de incluír novos grupos de alumnos no programa “mais e mellor actividade física en primaria” (PLAN PROXECTA) como fixemos esta ano con grupo de 5º de primaria. Programa que permite, por un lado, tres sesións semanais de educación física en lugares das dúas que de forma ordinaria teñen os rapaces e, por outro lado, unha conexión directa entre as aprendizaxes da área de Coñecemento do Medio e as actividades de Educación Física. Finalmente, para o curso que ven, tentaremos incluír en toda a primaria unha unidade didáctica relacionada cos xogos tradicionais



En definitiva, sentímonos satisfeitos coa tarefa realizada. Coa que realizamos os profes, coa que realizan os nenos e nenas e, por suposto, coa vosa colaboración, a dos pais e nais.





DEZ PISTAS PARA EDUCAR

Unha profesora conversa cunha nai mentras o neno, detrás delas, failles a burla. A nai di: “Pero, por favor, que lle vai a faltar ao meu fillo si sempre tivo todo o que quixo”. A profesora contesta: “Bueno, seguramente necesite algúns límites”. A nai resposta: “Non creo. Pero bueno, si necesita límites, ¡mércolle límites!”.



Este chiste de Maitena plasma con humor a realidade de moitas familias nas que un pequeno/a impón a súa propia lei na casa. Son nenos/as sen normas, que dan ordes aos pais, organizan a vida familiar... E o peor de todo é que nin tan xiquera son felices. O que máis desconcerta aos nenos/as é a ausencia de normas. Os límites ofrecen seguridade, benestar e a aprendizaxe necesaria aos nosos fillos/as.

Polo tanto, dende o **Departamento de Orientación** establecemos unhas 10 premisas para traballalas dende un clima familiar de afecto, comunicación e coherencia.

Son as seguintes:

1.- RELACIÓNS ESTABLECIDAS SOBRE O AFECTO E A FIRMEZA. **Querer non significa sobreprotexer nin consentir.** O trato afectuoso entre pais e fillos necesita en ocasións, actitudes de firmeza por parte do adulto, para conseguir condutas máis adecuadas por parte dos nenos.

2.- COMUNICACIÓN. **Si queres que che falen, ¡fálalle!**. Dedicar cada día un tempo á conversa e a o xogo cos fillos/as é un dos criterios máis importantes para coñecelos **mellor**.



3.- ESIXENCIAS AXEITADAS Á IDADE DOS NENOS/AS. **As responsabilidades crecen.... á vez que o neno/a crece.**



4.- IGUALDADE DE RESPONSABILIDADE NA EDUCACIÓN DO PAI E DA NAI. **Lembra que sodes dous. A falta de tempo non pode ser desculpa.** Tanto a nai como o pai teñen a mesma importancia na educación dos nenos/as, polo que non pode recaer esta responsabilidade máis nun que no outro.

5.- UNIDADE DE CRITERIOS DE ACTUACIÓN NA PARELLA. **Si un di “non”, o outro non pode dicir “si”.** Se non hai unidade de criterios o neno/a, nunca sabrá o que debe facer ou aproveitará a situación para sairse coa súa.

6.- FACILITAR A SOCIABILIDADE. **¡Como me gusta estar con outros nenos/as!** É importante darlle a oportunidade de conectar con outros nenos/as da súa idade, para favorecer o seu desenvolvemento social e ter un maior coñecemento das súas posibilidades.

7.- IMPLICAR A TODA A FAMILIA NA EDUCACIÓN DOS NENOS/AS. **¡Pois a avoa deixame comer galletas!** Si se quere conseguir un obxectivo co neno/a, e o resto da familia fai o contrario, creamos no neno/a un conflito.

8.- CONVERTIRNOS NO SEU COMPAÑEIRO DE XOGO. **¿A qué xogamos?**

9.- FAVORECER A SÚA AUTONOMÍA. **¡Xa non son un bebé.!** Débese potenciar a aprendizaxe de hábitos e habilidades que lles permitan unha maior autonomía na comida, na hixiene, na toma de decisións....

10.- OFRECER MODELOS AXEITADOS DE CONDUCTA. **Os nenos/as imitan todo.** Non podemos pedirlle que non peguen, pegándolle, ou que coman de todo, si nunca comemos con eles....



Un saúdo e felices vacacións
Departamento de Orientación



ENTREVISTA ÍNTIMA A LA PROFESORA SAGRARIO

"A miña maior virtude é a constancia e o peor defecto o mal xenio"

Quando eras pequena ¿qué soñabas ser de maior?
Ser mestra.

¿Por qué decidiste dedicarte a la enseñanza?

Porque me encanta traballar para os demais.

¿Te consideras buena profesora?

Penso que o fago o mellor posible.

¿De quién te sientes máis orgullosa?

De moitas persoas que me rodean, pero máis orgullosa da miña nai.

¿Cuántos hijos tienes, como se llaman y que edad tienen?

Tenho dous fillos, chámanse Gonzalo e Marta. Gonzalo ten 17 anos e Marta ten 10.

¿Qué te gustaría que fueran tus hijos de maiores y qué les gustaría a ellos ser?

A miña filla gustaríalle ser mestra e ao meu fillo, médico. A min, gustaríame calquera profesión que os fixera felices.



¿La última vez que lloraste de felicidad?

Na primeira comunión da miña filla.

¿Personaje de la historia que te gustaría haber conocido?

Gustaríame ter coñecido a Xesucristo.

¿A qué le tienes miedo?

A unha enfermidade grave dos meus fillos. Tamén ás alturas a andar en bicicleta...

¿Tu libro favorito?

"Juan Salvador gaviota" de Richard Bach e "El Principito".

¿Tu mayor virtud?

A constancia.

¿Nos descubres también algunos de tus defectos?

O meu mal xenio.

Si tuvieras una varita mágica con la que solucionar uno de los grandes problemas del mundo, ¿cuál solucionarías?

A fame no mundo.



¿El disco que más veces has escuchado?
Algún disco de: Amaxal, Perales, El último de
la fila...

¿Un concierto que nunca olvidarás?
Los Panchos, en Ribeira, no ano 1993.

¿Una canción de la que sepas toda la le-
tra?

Quezada Milagros.

¿Con quién te gustaría cenar esta noche y dónde?
Con algunha persoa que tivera unha conversación
amena e intelixente nunha terraza ao lado do mar.

¿Menú?

Algo de marisco, viño branco, tarta de queixo
fresco e un café.

¿Qué te gustaría que te hubiésemos preguntado en
esta entrevista? Y por supuesto contesta a la pregunta.

¿Por qué piensas que é importante defender a lingua galega?

Porque o galego é parte da nosa identidade e, de-
se perder, perdemos parte dela, igual que se per-
demos a nosa música tradicional ou as nosas
paisaxes.

Alumnos/as de 5º de Primaria



Noticias breves

EXPOSICIÓNS NA BIBLIOTECA

Durante este curso os/as alumnos/as de 4º realizaron na biblioteca exposicións de minerais, antigüidades, sobre o invento da roda, así como de proxectos de tecnoloxía, este último seguindo o exemplo dos/as alumnos/as de 6º que tiveron esta interesante iniciativa e expuxeron os seus elaborados circuitos eléctricos.

CONTACONTOS ITINIREANTE

Os/as alumnos de 4º escribiron un conto na aula que compartiron co resto do alumnado do colexio. O seu suxerente título era..."Unha historia de piratas"

CHARLA SOBRE MEDIO AMBIENTE

Os/as alumnos/as de 6º fixeron un taller medioambiental e déronlle unha charla ao resto do alumnado sobre como coidar o medio ambiente, empezando polo coidado das instalacións do noso colexio.

PROXECTO VAN GOGH DOS ALUMNOS DE INFANTIL 3 ANOS

Os máis pequeniños do colexio fixeron, coordinados pola súa mestra, un proxecto sobre este gran pintor impresionista e aprenderon a ser artistas pintando "cadros" de todo tipo, incluído o do seu propio autorretrato.

PROXECTO "OS INSECTOS" DOS ALUMNOS DE 4 ANOS

O mestre de infantil de 4 anos ensinoulle aos nenos e nenas o marabilloso mundo dos insectos mediante un proxecto no que eles foron os protagonistas, modelando coas súas mans distintos tipos de insectos que expuxeron na súa aula. Estes nenos e nenas teñen o seu futuro na Bioloxía!

PREPARACIÓN DO FESTIVAL FIN DE CURSO

Todo o alumnado preparou con gran entusiasmo o festival de fin de curso. Cancións, bailes, recital de poesía... Unha despedida a moitos meses de esforzo e unha festa de benvida ao verán. Dámoslle a nosa noraboa polo seu bo facer e pola ilusión que puxeron nos ensaios.

A PATRULLA VERDE FIXO A SÚA LABOR

O alumnado de 6º, como ven sendo habitual nos últimos 3 anos levou a cabo a súa labor de concienciar durante os recreos a todo o alumnado sobre a importancia de manter limpas as instalacións. Grazas polo seu esforzo!

A COLABORACIÓN DA ANPA


A ANPA, un curso máis, colaborou connosco en varias actividades, como excursións e festivais. Grazas








OS AXUDANTES DE LEO LEÓN

Como durante os cursos pasados, os/as alumnos/as de 6º aprenderon a ser bibliotecarios/as durante os recreos. Eles foron os/as encargados/as de xestionar o préstamo de libros da biblioteca, de forma moi eficiente. Agradecemoslles o seu traballo de colaboración.



TROUBLE IN THE JUNGLE

On 16th April, Greta and Lena came to our
 SCHOOL  to tell us a story in English.
 We sang songs:

 I like the green trees
 I like the yellow sun
 I like the blue sea
 I like to have some fun
 I like the rainbow bright
 d. shining over me.  d.




The story was great 😊

Students: 4th Grade Class



UNSCRAMBLE WORDS



ENP




ELURR



OBOK



BERURB



BOKOTONE



LINEPC





IRHAC




ULGE



FIND THE NUMBERS



GUESS THE ANIMAL




By Jonathan and Michael 5º



By Aitana and Juan Manuel 5º



WORDSEARCH



S	H	G	J	R	U	G	B	Y	J	F	D
U	K	D	A	V	B	I	B	I	D	U	G
I	K	A	S	I	L	V	I	A	P	L	N
L	C	G	T	E	N	N	I	S	A	I	I
I	Y	P	K	E	X	I	A	N	I	B	I
N	C	S	W	S	B	Y	H	K	T	A	K
F	L	L	A	B	T	O	O	F	I	S	S
H	I	C	G	A	N	H	A	Y	J	E	T
E	N	A	R	R	H	F	E	R	S	B	E
R	G	N	I	L	I	A	S	A	D	A	D
J	I	N	Y	J	M	K	L	P	T	L	E
M	B	A	S	K	E	T	B	A	L	L	R



By Bibi, Silvia and Aitana. 5^º



DESEXÁMOSVOS O MELLOR



NA VOSA NOVA ETAPA

